



O PSdeG de Palas advértelle ao alcalde de que “incumpre a lei” coa destitución da secretaria municipal

Desde o PSdeG informaron no Pleno de que con esta decisión o alcalde pode estar a exercer “un claro abuso de autoridade” e podería acarrear para o rexedor e os membros do Goberno que votaron a favor “un posible delicto de prevaricación tipificado no artigo 404 do Código Penal”

Os socialistas avisan de que “está a incumprir a lexislación vixente”, que marca “un prazo máximo de seis meses para a resolución dun expediente”, ademais de que o Pleno municipal non tería competencias para acordar a sanción de destitución e esta sanción só está prevista para faltas moi graves, e non graves

O PSdeG de Palas de Rei denuncia que o alcalde está a “incumprir o que marca a lei” ao resolver a destitución da secretaria do Concello, que debía terse reincorporado ao traballo despois de seis meses da apertura dun expediente sancionador, “tal e como marca a lexislación vixente”. Os socialistas advértenlle ao rexedor que “o cumprimento dos prazos legais é unha garantía nos procedementos sancionadores e o alcalde ten que cumprir a lexislación” porque “do contrario, estaríamos diante dun abuso de poder” e “volvendo a procedementos impropios dun Estado de Dereito”.

O pasado 22 de outubro de 2012, co Decreto da Alcaldía 329/2012, o alcalde abriu un expediente disciplinario á traballadora que exerce como secretaria interventora no Concello de Palas de Rei, Celia González Vázquez, e nombrou como instrutores do mesmo a funcionarios da Delegación Territorial da Xunta en Ourense. Por este decreto acordouse a suspensión provisional de emprego e salario da traballadora pública por un prazo de cinco meses prorrogable a un mes máis, en total seis meses. “Se se iniciou o 22 de outubro, esta empregada tería que incorporarse ao traballo o pasado 23 de abril”, explican os socialistas, que aportan ademais os datos concretos do regulamento onde está recollida esta norma.

Tres dos puntos da lexislación que incumpre esta decisión

Entre os cambios introducidos polo Decreto 157/2004 do 7 de xullo, que modifica o regulamento de réxime disciplinario dos funcionarios da Xunta do Decreto 94/1991, especifícase a introdución dun prazo máximo para a resolución deste tipo de expedientes: “O prazo máximo no que debe ditarse e notificarse a resolución non poderá excederse máis de seis meses desde o acordo de iniciación”, di a lei. Polo tanto, o decreto da alcaldía 148/2013 que o rexedor sacou o pasado 22 de abril de 2013, incumpiría a lei. No seu primeiro punto, o alcalde resolvía “prorrogar por dez días máis a medida provisional de suspensión de función á presunta inculpada, así como a resolución do expediente disciplinario”, algo que iría en contra da lexislación antes mencionada.

Por outra banda, o artigo 151.A do texto do TRRL (Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local), reformado polo artigo 59 da lei 53 do 2002 do 30 de decembro di que o Ministerio de Administracións Públicas é o órgano competente para sancións que supoñan destitución do cargo ou separación do servizo de funcionarios con habilitación de carácter personal. Polo tanto, os socialistas advertiron tamén de que “o Pleno

municipal non sería competente para acordar esta sanción de destitución". "Se cre vostede que este Pleno ten a competencia para dita destitución, díganos en que norma legal se ampara, porque de non existir, tal e como cre este concelleiro, os que voten a favor estarían incurrindo nun posible delito de prevaricación", afirmou o socialista Horacio Rouco. Por outra banda, argumentan os socialistas, a sanción de destitución, pola súas graves consecuencias, só está prevista para as faltas calificadas como moi graves, non as calificadas como graves, como din o artigo 9 do decreto 94/1991 da Xunta de Galicia e o artigo 96 do Estatuto Básico do Empregado Público.

Ante estes feitos, os socialistas pediron que quedase constancia das súas advertencias na acta do Pleno municipal que se celebrou esta mañá en Palas, e insistiron en que "o alcalde ten que acomodarse á lei" e no feito de que o rexedor e as persoas que votaron a favor da destitución "poderían estar incurrindo nun posible delito de prevaricación, que está tipificado no artículo 404 do Código Penal".

Palas de Rei, 30 de abril de 2013